



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE OUTUBRO DE 2023

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as doce horas do día vinte e seis de outubro de dous mil vinte e tres, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria (convocada para as once horas).

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro do grupo político do BNG, don Daniel Carballada Rodríguez.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de outubro de 2023, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202310261000030000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Intervén o Sr. alcalde explicando por que se retrasou o comezo da sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2023

Acceso á videoacta – 00:01:30 horas

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de setembro de 2023, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Intervén a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, quen manifesta que existe un erro na contestación á 3ª pregunta formulada polo seu grupo. Na páxina 54, onde di:

«3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:10:36 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“No polígono do Espírito Santo (.../...)”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.»

Debe dicir:

«3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:10:36 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“No polígono do Espírito Santo (.../...)”

O Sr. González Leirós di que esta pregunta a contestará o Sr. alcalde por escrito.»

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria á acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de setembro de 2023, coa modificación transcrita anteriormente, sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria do día 28 de setembro de 2023, coa corrección anteriormente indicada.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 1664/2023, DO 13 DE OUTUBRO, DE APROBACIÓN DO PROXECTO CORRIXIDO DENOMINADO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A MELLORA FUNCIONAL DO PASEO DOS TEMPLARIOS. CAMBRE. FASE 1”, INCLUÍDO NO POS+ 2022

Acceso á videoacta – 00:03:04 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 16 de outubro de 2023 (CVD: YYSV0EtyBACWmy27h7/m), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Medio Ambiente, Mobilidade, Sanidade, Seguridade Cidadá, Turismo, Patrimonio, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica, na sesión ordinaria de data 19 de outubro de 2023, que transcrita di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Con data 13 de outubro de 2023, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 1664/2023, que transcrita di:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2022 aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2022”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Proxecto básico e de execución Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1	José Ramón Díaz Barbeito Arquitecto municipal	118.404,71 €

Con data 26 de maio de 2022, o Pleno municipal acordou a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 5 de maio de 2022, respecto da aprobación do proxecto de “Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1”, incluído no POS+ 2022, corrixido a requirimento efectuado pola Deputación Provincial o 28 de abril de 2022.

Con data do 31 de marzo de 2023 recibíuse resolución da Excm. Deputación Provincial da Coruña, pola que se levantan as condicións e se aproba definitivamente o investimento denominado “Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1”, incluído no plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS), xa que o Concello conta coas autorizacións de Patrimonio e da Demarcación de Costas do Estado en Galicia.

Vista a autorización concedida polo servizo en materia de Patrimonio Cultural, realizáronse varias correccións no proxecto, tal e como consta no informe emitido pola arquitecta técnica interina, dona Susana Bahamonde López, de data 22 de setembro de 2023 (CVD: fkBjH4oMePHSWs2JVI02):

“Observadas por los Servicios Técnicos De este ayuntamiento ciertas deficiencias en el proyecto entregado a ese organismo, se han realizado varias correcciones en base a las propuestas derivadas de la autorización concedida por el servicio en materia de patrimonio cultural, que no modifican el presupuesto del proyecto y que consisten principalmente en cambia la situación de los bancos, jardineras y arbolado, tal y como propone este servicio. Se han modificado los planos, incorporando las instalaciones a ejecutar, cotas secciones y detalles.”

Visto que con data do 27 de setembro de 2023, recíbese notificación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, na que, entre outras cousas, infórmase desfavorablemente o proxecto, por considerar que, para cumprir cos requisitos esixidos, deben ser corrixidas as seguintes deficiencias:

“Segundo as bases do POS o importe total das partidas alzadas do proxecto **non pode superar o 5% do orzamento total**. O conxunto das partidas MLB011 (páx. 269 do PDF), MLB010 (páx. 270 do PDF), PA0001 (páx. 275 do PDF) e YCX010 (páx. 276 do PDF) exceden este máximo.”

Visto o “Proxecto básico e de execución para a mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1” asinado pola arquitecta técnica interina, dona Susana Bahamonde López, o 11 de outubro de 2023 (13:24:19 +02'00' h), toda vez que o arquitecto interino redactor do proxecto inicial cesou o 21 de xaneiro de 2023.

Visto o informe da arquitecta técnica interina, de data 11 de outubro de 2023 (CVD: goDYhRdChn8J/nyUbscN) no que se fai constar que:

“Se realiza informe para constatar que el proyecto emitido en fecha, octubre 2023, es el resultado de la modificación realizada del proyecto original de diciembre de 2021, conforme a las condiciones propuestas derivadas de la autorización concedida por el servicio en materia de patrimonio cultural y del proyecto emitido en mayo de 2023, realizado en base a las correcciones sugeridas por la Diputación Provincial, correcciones, que no modifican ni el objeto ni el presupuesto del mismo.”

En uso das atribucións que me foron conferidas de conformidade co establecido no artigo 21 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro: Aprobar o proxecto corrixido denominado “Proxecto básico e de execución para a mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1” asinado pola arquitecta técnica interina, dona Susana Bahamonde López, o 11 de outubro de 2023 (13:24:19 +02'00' h).

Segundo: Someter a eficacia desta resolución á condición suspensiva da súa ratificación polo Pleno da Corporación.»

Visto o disposto na citada resolución, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 1664/2023, do 13 de outubro, de aprobación do proxecto corrixido denominado “Proxecto básico e de execución para a mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1” asinado pola arquitecta técnica interina, dona Susana Bahamonde López, o 11 de outubro de 2023 (13:24:19 +02'00' h).

Segundo.- Remitir certificación deste acordo á Deputación Provincial da Coruña.”

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 16 de outubro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy e Rodríguez López.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 16 de outubro de 2023 (CVD: YYSV0EtyBACWmy27h7/m), que devén en acordo nos termos transcritos.

2.2. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:06:20 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:06:24 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:06:26 horas

- Moción dos grupos municipais de UxC e PSdeG-PSOE sobre o levantamento de reparos suspensivos na contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día, por razóns de urxencia, da moción de UxC e PSdeG-PSOE, rexistrada de entrada ao núm. 20230000004976 o día 20 de outubro de 2023, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Alcantarilla Rei, que dá lectura á moción que transcrita di:

«MOCIÓN SOBRE O LEVANTAMENTO DE REPAROS SUSPENSIVOS NA CONTRATACIÓN DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 31 de marzo de 2023, publícase no DOG núm. 64 a Resolución do 20 de marzo de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, establecendo as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero en colaboración coas entidades locais galegas. Posteriormente, con data 3 de abril de 2023, preséntase a solicitude de subvención ao amparo da devandita resolución. O 12 de maio de 2023, rexístrase a resolución de concesión da subvención, asinada o 11 de abril de 2023, concedendo unha subvención ao Concello de Cambre por importe de 104.179,92 euros para a contratación de 4 mulleres vítimas de violencia de xénero.

O proceso de contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero, unha cuestión de suma importancia social, enfrontou este ano obstáculos administrativos en forma de reparos suspensivos emitidos pala Intervención Municipal no seu informe de fiscalización do 4 de outubro de 2023 (CVD: mzDMSrBoJhJzrBIF75jF). Este proceso alíñase coas políticas activas de emprego e está en conformidade coa Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego.

É relevante sinalar que desde o ano 2020, o Concello veu percibindo esta subvención e realizou a contratación do persoal vinculado á ela sen inconvenientes. Os reparos actuais, aínda que formulados no exercicio das funcións de fiscalización e

control da intervención municipal, e contando cunha base xurídica sólida, xeraron incerteza e puxeron en risco a efectividade e a rapidez dun programa esencial para a inclusión e protección de mulleres en situación vulnerable.

O detalle dos reparos suspensivos é o que segue:

- Falta de acreditación documental da excepcionalidade e as necesidades urxentes que avalan a contratación proposta.
- Non se pode acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente.
- As bases que se someten a fiscalización non compren cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Así mesmo, o 6 de outubro de 2023 a secretaria municipal fai constar unha nota informativa 74/2023 (CVD: RdoeRi6xX4gKJXoH13Jw). Nesta nota, a habilitada comparte o criterio desfavorable da Intervención Municipal en varios aspectos, excepto no relativo ao crédito orzamentario. A nota sinala que as bases do expediente non compren cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e cuestiona a forma de selección imposta para recibir a subvención.

Neste contexto, o informe técnico da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, identificado co código 87bed2bb-6943-4e44-a836-4fcc8cc45fe8, emerxe como un documento crucial. Este informe non só aborda os reparos un por un, senón que tamén ofrece argumentos xurídicos sólidos e fundamentados na normativa vixente para refutalos. O informe demostra un profundo entendemento da lei e presenta unha argumentación que valida o procedemento de contratación proposto, aliñándoo cos requisitos legais e administrativos.

Argumentos xurídicos para levantar os reparos:

- **En relación ao primeiro reparo:** Acreditouse a excepcionalidade e as necesidades urxentes que avalan a contratación proposta, conforme aos requisitos establecidos na Resolución do 20/03/2023 da Secretaría Xeral de Igualdade. É importante destacar que se realizaron consultas previas a diversas instancias, incluída a Subdirección Xeral de Políticas Activas de Emprego, a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda, e a Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Estas consultas, realizadas desde o ano 2012, confirmaron a posibilidade de contratar persoal laboral temporal ou nomear funcionarios interinos para a execución de proxectos enmarcados en políticas activas de emprego, mesmo cando isto poida contradicir a normativa básica da Lei de orzamentos xerais do Estado en materia de contratos temporais e nomeamentos de funcionarios interinos.

- **En relación ao segundo reparo:** Confírmase a existencia de crédito adecuado e suficiente, apoiado por unha subvención de 104.179,92 euros concedida pala Secretaría Xeral da Igualdade. Segundo consta no expediente, aprobouse a xeración de crédito núm. 6/2023 mediante a Resolución núm. 924/2023 de 26 de maio de 2023. Ademais, o informe do interventor municipal establece que *'no orzamento municipal do exercicio 2023 existe disposición de financiamento suficiente para cubrir a parte non subvencionada pota Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade'*. Recibiuse autorización para a ampliación do prazo de contratación ata o 31 de outubro de 2023. Cabe destacar que os custos salariais totais das contratacións xa foran informados pala xefa de Réxime Interior no seu informe de 31 de marzo de 2023 e forman parte do expediente. Por tanto, refútase a afirmación de *'non acreditación do existencia de crédito adecuado e suficiente'* xa que a documentación nos expedientes acredita claramente tanto a existencia de crédito como os importes por posta e concepto.
- **En relación ao terceiro reparo:** Fundaméntase que o proceso de selección para a contratación de catro mulleres vítimas de violencia de xénero levouse a cabo en estrita conformidade coa Resolución de 20 de marzo de 2023 da Secretaría Xeral da Igualdade. Este cumprimento refórzase coas instrucións específicas proporcionadas na resolución de concesión da subvención de data 11 de abril de 2023, coñecida como Instrución nº 6/2023.

Ademais, mencionase que se recibiu unha comunicación directa da Secretaría Xeral da Igualdade que detalla de maneira explícita o procedemento a seguir para a selección e contratación das traballadoras. Esta comunicación

inclúe aspectos cruciais como a coordinación coa oficina de emprego correspondente e o cumprimento dos requisitos específicos para as candidatas, asegurando así a transparencia e a equidade no proceso de selección.

Por último, o informe emitido polo xefe de Urbanismo e Réxime Interior con data de 21 de setembro de 2023, reforza a lexitimidade do proceso ao propor a convocatoria do proceso selectivo e a aprobación das bases reguladoras, sempre en liña coa Resolución do 20 de marzo de 2023 da Secretaría Xeral da Igualdade.

Este informe da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local fundaméntase na normativa vixente e válida o procedemento de contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero, aliñándoo cos requisitos legais e administrativos. En base a este, o pasado día 11/10/2023 o alcalde emitiu unha resolución na que resolveu levantar os reparos suspensivos relacionados no informe de fiscalización da interventora municipal ao proceso de selección de catro mulleres vítimas de violencia de xénero, así como dispar que continúe o procedemento de convocatoria de proceso selectivo para a contratación en réxime laboral temporal.

A aprobación desta moción busca consolidar o apoio institucional necesario para superar os obstáculos administrativos que xurdiron no proceso de contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero. Ao mesmo tempo, preténdese asegurar a continuidade de políticas de inclusión e protección que demostraron ser esenciais para este colectivo vulnerable. Ínstase ao Pleno a aprobar esta moción, considerando que os seguintes acordos que propoñemos reflicten un compromiso institucional cara á inclusión e protección de mulleres en situación de vulnerabilidade.

ACORDOS:

1. Ratificar e apoiar a resolución emitida polo alcalde o pasado día 11 de outubro de 2023, na que se resolve levantar os reparos suspensivos relacionados no informe de fiscalización da interventora municipal do 4 de outubro de 2023 ao proceso de selección de catro mulleres vítimas de violencia de xénero.
2. Expresar o compromiso do Pleno para que o Concello participe en futuras edicións das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero en colaboración coas entidades locais galegas, asegurando así a continuidade e fortalecemento destas políticas de inclusión e protección.»

Aberta a quenda de intervencións, interveñen a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández; a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes; e o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de UxC e PSdeG-PSOE, de data 20 de outubro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy e Rodríguez López.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción de UxC e PSdeG-PSOE, de data 20 de outubro de 2023, anteriormente transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 00:29:18 horas

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1658/2023, do 11 de outubro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

"Primeiro: Avocar a delegación xenérica da área Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica efectuada a prol do quinto tenente de alcalde, don Daniel Mallo Castro, do día 11 ao 13 de outubro de 2023, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1171/2023, do 4 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1658/2023, do 11 de outubro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

"Primeiro: Avocar a delegación xenérica da área Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica efectuada a prol do quinto tenente de alcalde, don Daniel Mallo Castro, do día 11 ao 13 de outubro de 2023, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1171/2023, do 4 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1679/2023, do 18 de outubro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

"Primeiro: Avocar a delegación xenérica da área de Economía, Facenda e Réxime Interior efectuada a prol da terceira tenente de alcalde, dona María Dolores Pan Lesta do día 30 de outubro ao 1 de novembro de 2023, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1171/2023, do 4 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1648/2023, do 9 de outubro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

"Primeiro.- Abstense esta Alcaldía de intervir no procedemento relativo ao Proxecto de equidistribución da ordenación detallada prevista na modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento do Concello de Cambre na UE - 8B, por incorrer en causa de abstención prevista no art. 23.2. b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, ao ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao con dona Ana, don Antonio e don Javier Pérez Patiño.

Segundo.- Delegar no primeiro tenente de alcalde, D. Juan González Leirós, o exercicio das atribucións que por Lei correspondan a esta Alcaldía en relación ao citado procedemento.

Terceiro.- A teor do previsto nos artigos 49 e 50 do Regulamento orgánico municipal, notificar esta resolución ao primeiro tenente de alcalde, publicala no *Boletín Oficial da Provincia*, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

Cuarto.- Dar conta ao xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, para o seu coñecemento e efectos oportunos."

4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 00:30:59 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

delegadas, que comprenden un total de 144 resolucións numeradas da 1555 á 1698 do ano 2023, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1555/2023	25-09-2023	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de setembro de 2023
1556/2023	25-09-2023	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de decembro de 2022.
1557/2023	25-09-2023	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de agosto de 2023 e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas
1558/2023	27-09-2023	Expedientes multas de tráfico – Acordos de inicio
1559/2023	27-09-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.R.L.D. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1560/2023	27-09-2023	Expediente sancionador por incumprimento do horario de apertura de bar sito en rúa Polígono, O Temple. Responsable: F.G.C.
1561/2023	27-09-2023	Solicitude número vivenda no lugar de Pontido, Sigrás a instancia de C.B.M.
1562/2023	27-09-2023	Rectificación da Resolución da Alcaldía nº 1533/2023, do 21 de setembro, pola que se acordou asignar número a vivenda sita no lugar da Xira, Sigrás.
1563/2023	27-09-2023	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 160, letra A no cemiterio municipal o día 4 de xuño de 2023, co fin de inhumar o cadáver de A.S.V.
1564/2023	27-09-2023	Licenza de ocupación de vía pública na rúa Ánxel Fole, de 56 m ² , dende o 16/08/2023 ata o 17/11/2023
1565/2023	27-09-2023	Inicio de procedemento sancionador a A.S.S. polo depósito de residuos nun camiño público sito na Mosca, Santa María de Vigo
1566/2023	27-09-2023	Inicio de procedemento sancionador a A.R.R. pola infracción da ordenanza reguladora de limpeza viaria e ornato público por non recoller defecacións en vía pública
1567/2023	27-09-2023	Licenza de obra para realización de muro de contención no Pombo, Pravio. Promotor: E.P.C.
1568/2023	27-09-2023	Inicio de expediente de orde de execución a J.R.B.G. para a xestión da biomasa existente en finca sita na Rocha, Anceis. Propiedade: J.R.B.G.
1569/2023	27-09-2023	Inicio de expediente de orde de execución a M.J.P.D. para a xestión da biomasa existente na finca sita en San Marcos, Anceis.
1570/2023	27-09-2023	Inicio de expediente para a reposición da legalidade urbanística a J.A.P.A. e N.L.L. por construción de caseta en Outeiro – Cela, sen licenza municipal
1571/2023	27-09-2023	Concesión de licenza de edificación para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Mercurín - Anceis a L.M ^a .C.T.
1572/2023	27-09-2023	Arquivo de expediente incoado a M.A.C.R. pola realización de vertidos de augas residuais, por terse suspendido
1573/2023	27-09-2023	Concesión de licenza de edificación a S.R.C. para reforma e ampliación na vivenda sita en Anceis
1574/2023	28-09-2023	Aprobación do pagamento a Augas de Galicia correspondente á autoliquidación do canon da auga do segundo cuadrimestre do 2023
1575/2023	28-09-2023	Nomeamento de conserxe interina adscrita ao departamento de Deportes para substitución transitoria da titular
1576/2023	28-09-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a R.M.A.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1577/2023	28-09-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a E.R.S. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1578/2023	28-09-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de

		100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses. Solicitante: AMCL
1579/2023	28-09-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses. Solicitante: PFF
1580/2023	29-09-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses. Solicitante: EdosS
1581/2023	29-09-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de outubro de 2023
1582/2023	29-09-2023	Aprobar a nómina do mes de setembro de 2023 cun total de retribucións brutas de 472.985,80 euros
1583/2023	29-09-2023	Cesar con data 30 de setembro de 2023 a funcionario de carreira do Concello de Cambre por acceder ao posto de capataz, grupo IV, da Unidade de Obras e Servizos do Departamento de Obras e Servizos Básicos, código do posto na Relación de Postos de Traballo 04.00.00.01 do Concello de Bergondo, de acordo coa Resolución de data 21 de setembro de 2023 da Alcaldía de dito concello e declarar o seu pase neste Concello de Cambre á situación de excedencia por prestación de servizos no sector público de conformidade co artigo 174 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1584/2023	27-09-2023	Autorizar a apertura da urna central sinalada co número 34, letra B, no cemiterio municipal de Cambre solicitada por JDP D ao obxecto de inhumar o cadáver de JPG
1585/2023	27-09-2023	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 123, letra B, Fila 1 no cemiterio municipal de Cambre solicitada por JMVB D ao obxecto de inhumar o cadáver de AEBR
1586/2023	02-10-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a MVC por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1587/2023	02-10-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a YVDA, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
1588/2023	02-10-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a LRWF, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1589/2023	02-10-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a OJAT, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1590/2023	02-10-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: YdelCCF
1591/2023	02-10-2023	Non estimar o recurso de reposición interposto polo funcionario interino IFD contra a resolución da concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 2305/2022 de data 22 de decembro de 2022 pola que convocan os procesos de selección para a estabilización de emprego temporal correspondentes ás prazas incluídas na Oferta de Emprego Público de 2022 e pola que se aproban as bases reguladoras
1592/2023	02-10-2023	Non estimar o recurso de reposición interposto pola funcionaria dona VPT contra a resolución da concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 2305/2022 de data 22 de decembro de 2022 pola que convocan os procesos de selección para a estabilización de emprego temporal correspondentes ás prazas incluídas na Oferta de Emprego Público de 2022 e pola que se aproban as bases reguladoras
1593/2023	02-10-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses. Solicitante: CFV
1594/2023	02-10-2023	Concesión e baixa de bonificacións do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros (3º trimestre 2023)
1595/2023	02-10-2023	Concesión e baixa de bonificacións da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de aboamento ostente a condición de familia numerosa (3º trimestre 2023).
1596/2023	03-10-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de APP para a xestión da biomasa existente na finca sita en Anceis, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1597/2023	03-10-2023	Arquivar o expediente número 2021/I002/000095, incoado a MC e R S.L. pola ocupación da vía pública en Constitución, O Temple, con contedor para entullos, acopio de materias diversos e uns valos perimetrais, sen título habilitante
1598/2023	03-10-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en cinco mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte á cafetería vinculada á Escola de padel ASM situada na rúa Polígono, parroquia do Temple, condicionado a que a terraza se instale pegada a fachada do establecemento, sen exceder a fronte do local e deixando libre na beirarrúa un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: RPFAL
1599/2023	03-10-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en quince mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte ao café-bar Garimbas Bar situado no Paseo Marítimo, parroquia do Temple, condicionado a que a terraza se instale sen sobrepasar o fronte do local, deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida e gardando unha distancia mínima de 3 metros ao depósito de gas soterrado existente fronte ao establecemento. Solicitante: RPFAL
1600/2023	03-10-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en dez mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte ao Bar Moma situado na rúa Tapia, parroquia do Temple, condicionado a que a terraza se instale sen exceder o fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida e permitindo o acceso á rampla peonil do edificio. Solicitante: CLC
1601/2023	03-10-2023	Declarar suspendido o procedemento incoado por LAMR para a concesión de licenza para construción de vivenda unifamiliar no lugar da Xira, parroquia de Sigrás, expediente nº 2022/U022/00086, pola aprobación inicial do Plan xeral de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		ordenación municipal de Cambre por acordo do Pleno desta Corporación do 1 de decembro de 2022
1602/2023	03-10-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MBMN para a xestión da biomasa existente na finca sita en Lamiño, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1603/2023	03-10-2023	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a MJPR e os herdeiros de ATF, pola cubrición da terraza na vivenda sita en rúa Profesor Monasterio, Temple, xerando un volume, sen o preceptivo título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1604/2023	03-10-2023	Iniciar expediente de orde de execución a EDG para a xestión da biomasa existente na finca sita en San Marcos, Anceis, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1605/2023	03-10-2023	Inadmitir a trámite a solicitude presentada en data 21 de xullo de 2022 por BFM actuando en nome e representación da entidade Reale Seguros Generales S.A e de AMC, por non ser o Concello de Cambre a administración competente para coñecer de dita reclamación
1606/2023	04-10-2023	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios, e comprobar a residencia dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e outros estados pertencentes ao Espazo Económico Europeo, correspondente ao mes de xullo de 2023
1607/2023	04-10-2023	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios correspondente ao mes de agosto de 2023
1608/2023	04-10-2023	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, duplicidade e falecemento correspondente ao mes de agosto 2023
1609/2023	04-10-2023	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a SSP e JSP, pola cubrición de terraza da vivenda sita en rúa Profesor Monasterio, xerando un volume, sen o preceptivo título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1610/2023	04-10-2023	Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar dos Campóns, parroquia de Sigrás, en solo cualificado como urbano de núcleo rural en las Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre e solo urbano de vivenda unifamiliar extensiva no Plan xeral de ordenación municipal aprobado inicialmente. Solicitante: LRBR
1611/2023	04-10-2023	Conceder a licenza para o modificado da rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar sita no lugar de Lourenciño, parroquia de Cambre, en solo cualificado como non urbanizable común interior a núcleo rural, con licenza de obra nº 2021/U022/78. Solicitante: PCR
1612/2023	04-10-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe de 886.976,01 euros No presente expediente recoñécense obrigas por importe parcial de 61.524,95 euros
